

### ACTIVIDADES

- Exposición "I+dentidade". Sala Plataforma14 (Fórum Metropolitano)
- Programación marzo, do Espazo de Dinamización Xuvenil da Sagrada Familia
- "Harmatán", Festival Nómada da Cultura Africana. Teatro Colón e Teatro Rosalía
- Documental "Estructuras. Pel\_contra\_Pel". Fórum Metropolitano
- Biblioteca Verde: SIMPLEMENTE Cultiva. Biblioteca Municipal Sagrada Familia
- Laboralia UDC 2019: Tecnoloxías para unha nova era. Afundación
- Viaxes solidarias para Semana Santa con Viento Norte-Sur
- Axenda de concertos semanal na Coruña

### BOLSAS

- 14.000 axudas da UIMP para cursos de inmersión en lingua inglesa, destinadas a estudantes universitarios, de FP de Grao Superior e outros estudos superiores
- 1.005 axudas da UIMP destinadas a titulados en Máster en Profesorado e a Mestres, para cursos de inmersión lingüística
- 7ª Convocatoria Bolsas Eurolingua

### CONCURSOS

- Contos sobre rodas. ALSA
- Certame escolar de podcast e relato radiofónico Xosé Mosquera Pérez. S.X. Política Lingüística e IES Rosalía de Castro
- Concurso de vídeo "Participa Méliès". Fundación "La Caixa"

### VARIOS

- Matrícula libre para as probas de certificación da Escola Oficial de Idiomas
- Grupos de rock para o Festival Solidario de ASPACE en Sada

## ACTIVIDADES

### Exposición "I+dentidade"

A sala de exposicións Plataforma14 acolle a mostra "I+dentidade", do grupo de alumnos e alumnas de 1º curso do C.S. Ilustración da ESAD Pablo Picasso da Coruña na súa primeira exposición colectiva

"I+dentidade" é unha selección de máis de 50 traballos arredor do concepto da identidade, realizados en diversas técnicas (pintura, ilustración dixital, escultura, collage...) e na participan un total de 19 artistas. A "identidade" defínese como o conxunto de rasgos propios dun individuo ou dunha colectividade que nos caracterizan fronte aos demais, pero a través desta mostra búscase desenvolver este concepto desde un punto de vista máis subxectivo, abordado por cada autor e autora desde a súa perspectiva

A sala Plataforma14, pertencente á Concellaría de Participación e Innovación Democrática e coordinada polo Centro Municipal de Información Xuvenil, pretende visibilizar a creación realizada polos/as artistas emerxentes da nosa cidade.

**CANDO:** do 15/03/2019 ao 15/04/2019

**HORARIO:** de luns a venres de 9 a 21 h. e sábados de 9 a 14 e de 17 a 21 h.

**LUGAR:** *Sala de Exposicións Plataforma14* (Fórum Metropolitano)

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Centro Municipal de Información Xuvenil**


Fórum Metropolitano.

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 294

correo-e: [cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es)

Web: [www.coruna.gal/cmixon/plataforma14](http://www.coruna.gal/cmixon/plataforma14)



### Espazo de dinamización xuvenil da Sagrada Familia - programación marzo 2019

O punto de encontro para a mocidade no barrio da Sagrada Familia ten prevista para o mes de marzo unha programación de actividades gratuítas de maxia e modelaxe, entre outras.

**CANDO:** os talleres terán lugar

- venres 15: obradoiro de maxia e obradoiro de de tatuaxes con henna.
- venres 22: obradoiro de modelaxe.
- venres 29: xogos en grupo

**HORARIO:** do Espazo de Dinamización Xuvenil

- de martes a xoves de 17.00 h a 21.00 h
- venres e sábados de 17.00 a 23.00 h
- domingos de 17.00 a 21.00 h

**PREZO:** de balde

#### LUGAR / INFORMACIÓN:

Espazo de dinamización xuvenil da Sagrada Familia

4ª planta do Centro Social Sagrada Familia

R/ Sagrada Familia, 26

correo-e: [xuventude@coruna.es](mailto:xuventude@coruna.es)

[www.coruna.gal/participacion](http://www.coruna.gal/participacion)

Web: [Programación marzo 2019](#)



## ACTIVIDADES

### "Harmatán", Festival Nómada da Cultura Africana

O Festival Nómada da Cultura Africana "Harmatán" é o resultado do traballo conxunto dos programadores e da coordinación das sedes que forman o corredor cultural A Coruña-Móstoles-Murcia para achegar a cultura nómada a través das artes. Búscase xerar unha nova forma de achegarse a un continente multicultural e moderno a través das súas expresións artísticas, que dan conta da heteroxénea realidade africana

"Harmatán" constitúe unha proposta conxunta do Teatro Colón, que abordará a temática dende o cinema e o debate, e do Teatro Rosalía, que acollerá as propostas de teatro e danza

**CANDO:** do 27 ao 31 de marzo de 2019

#### - Teatro Colón

- venres 29 ás 11.00 h.: "**Wallay**", cine e encontro co público. *Entrada gratuíta*
- sábado 30 ás 19.00 h.: "**Muller e África**", mesa redonda con Ken Bugul, Nicole Ndongala e Lucía Mbomio. *Entrada gratuíta*

#### - Teatro Rosalía de Castro

- mércores 27 ás 20.30 h.: "**The island**", teatro e encontro co público. *Entradas: desde 5,20€ en [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)*
- domingo 31 ás 20.30 h.: "**PerformerS**", danza e encontro co público. *Entradas: desde 8,00€ en [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)*

#### LUGAR / INFORMACIÓN:


##### - Teatro Colón

Avda. da Marina, 7A (15001 - A Coruña)  
 Tel.: 981 223 258  
[www.teatrocolon.es](http://www.teatrocolon.es)

##### - Teatro Rosalía de Castro

R/ Riego de Agua, 37A (15001 - A Coruña)  
 Tel.: 981 18 43 48  
[www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)

Web: <https://festivalharmatan.com>



### Documental "Estructuras. Pel\_contra\_Pel"

A Asociación de Veciños Oza Gaitera Os Castros presenta no Fórum Metropolitano o documental "*Estructuras. Pel\_contra\_Pel*", dirixido por Paco Gallego e Xosé Bocixa, que mostra as consecuencias na paisaxe da explotación forestal, a actuación humana ante o crecemento poboacional, o abandono do patrimonio, a asunción fóra de escala dos modelos urbanos no contorno rural, a obra inacabada, a obra institucional ou a especulación

**Cando:** 01/04/2019

**Horario:** 19.30 h

**Prezo:** entrada gratuíta ata completar aforo

#### Lugar / Información: Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1  
 15006 - A Coruña  
 Tel.: 981 184 293  
 correo-e: [forum@coruna.es](mailto:forum@coruna.es)  
[www.facebook.com/ForumMetro](http://www.facebook.com/ForumMetro)

Web: [www.redeozza.org](http://www.redeozza.org)

**1 DE ABRIL, 19.30H., FORUM METROPOLITANO**



## ACTIVIDADES

### Biblioteca Verde: SIMPLEMENTE Cultiva

Biblioteca Verde é o espazo de referencia sobre sustentabilidade nas Bibliotecas Municipais da Coruña, e no mes de marzo tócale o turno á Biblioteca Sagrada Familia con “SIMPLEMENTE Cultiva”, un taller impartido por Pablo Iglesias de Cousas da Paila, no que aprender a cultivar na casa reutilizando os residuos plásticos que xa non usamos e que forman parte da nosa vida cotiá, contribuíndo desta maneira a reducir a contaminación

**CANDO:** 27/03/2019

**HORARIO:** de 19.00 a 20.30 horas

**INSCRIPCIÓN:** do 20 ao 27 de marzo en  
[www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)

**PREZO:** entrada libre ata completar a capacidade

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Biblioteca Municipal Sagrada Familia**  
 R/ Antonio Pereira, 1 (15007 - A Coruña)  
 tel.: 981 184 392  
 correo-e: [bsagradaf@coruna.es](mailto:bsagradaf@coruna.es)  
 web: [www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)



### Laboralia UDC 2019: Tecnoloxías para unha nova era

Laboralia 2019 ofrécete a oportunidade de aprender sobre novas tecnoloxías en talleres prácticos e gratuítos. Ofrece, ademais, a oportunidade de coñecer a visión sobre os retos e oportunidades da actual revolución tecnolóxica, da man de mozos profesionais vinculados a sectores altamente tecnoloxizados.

**CANDO:** do 23 ao 25 de abril de 2019

- Talleres
  - 23 abril de 15 a 19 h.: TALLER “APLICANDO INTELIXENCIA ARTIFICIAL”
  - 24 abril de 15 a 19 h.: “APLICANDO IoT & CIBERSERGURIDAD”
- Xornada “O FUTURO XA ESTÁ AQUÍ”
  - 25 abril de 18:30 a 21:00 h: mesa redonda “Retos e oportunidades da revolución tecnolóxica: Educación e Emprego”

**INSCRIPCIÓN:** online

en <https://laboraliaudc.com>

**LUGAR:** *Afundación*

R/ Cantón Grande, 8  
 (15003 - A Coruña)

**CONTACTO:**

**Consello Social da Universidade da Coruña**  
 Centro Universitario de Riazor  
 R/ Almirante Lángara s/n (15011 - A Coruña)  
 Tel. 981 167 000 (ext. 4390)  
 correo-e: [consello.social@udc.es](mailto:consello.social@udc.es)  
 Web: <https://laboraliaudc.com/>



**ACTIVIDADES****Viaxes solidarias para Semana Santa con Viento Norte-Sur**

A Asociación Viento Norte-Sur organiza para a Semana Santa 2019 viaxes solidarias a Marrocos, Senegal e A India.

**CANDO:**

1. *Marrocos. Viaxe solidaria ao deserto marroquí:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 20 de abril de 2019
2. *Marrocos. Atlas trekking solidario:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 20 de abril de 2019
3. *Marrocos. Trekking costa solidario:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 20 de abril de 2019
4. *Marrocos: trekking solidario Val das Rosas:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 20 de abril de 2019
5. *Traballo con nenos talibés en Senegal:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 23 de abril de 2019
6. *India. A orixe do Ganges:* [descarga pdf](#)  
Datas: do 13 ao 25 de abril de 2019

**INSCRICIÓNS:** ata completar prazas

**REQUISITOS:**

- Maiores de 18 anos (as/os menores de idade poderán ir acompañadas/os por familiares).

**PREZO:**

- Marrocos. Viaxe solidaria ao deserto marroquí: 390 €
- Marrocos. Atlas trekking solidario: 390 €
- Marrocos. Trekking costa solidario: 390 €
- Marrocos: trekking solidario Val das Rosas: 390 €
- Traballo con nenos talibés en Senegal: 590 €
- India. A orixe do ganges: 995 €

*\*Consultar conceptos incluídos e non incluídos no programa de cada viaxe.*

**MÁIS INFORMACIÓN:****Asociación Viento Norte Sur**

Plaza de Toledo s/n

30009 - Murcia

Telf.: 630 683 008 / 636 385 176

correo-e: [info@vintonortesur.org](mailto:info@vintonortesur.org)

Web: [www.vintonortesur.org](http://www.vintonortesur.org)



## ACTIVIDADES

### Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

**Teatro Colón.** Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

[www.facebook.com/TeatroColonACoruna/](http://www.facebook.com/TeatroColonACoruna/)

xoves 28 ás 20.30 h.: **PABLO SANMAMED TRÍO**. Entrada 10€/12€

**Teatro Rosalía.** R/ Riego de Agua, 37 (15001 – A Coruña)

[www.facebook.com/CulturaCoruna](http://www.facebook.com/CulturaCoruna)

martes 26 ás 20.00 h.: **DÚO KIRILL e ALEXANDRA TROUSSOV**. Entradas: 20€

**Pazo da Ópera.** Glorieta América s/n (15004 - A Coruña)

[www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)

venres 22 ás 20.30 h.: **ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entradas: de 11€ a 27,50€

sábado 23 ás 12.00 h.: **PALABRAS CON CORAZÓN**. Entradas: 5€ (-18 anos: 2€)

domingo 24 ás 12.15 h.: **BANDA MUNICIPAL**. Entradas: gratis

**Sala Mardi Gras.** Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

[www.facebook.com/salamardigras](http://www.facebook.com/salamardigras)

xoves 21 ás 21:00 h.: **MOONSHINE WAGON**. Entradas: desde 8€

venres 22 ás 22:30 h.: **NAO**. Entradas: 10€/14€

sábado 23 ás 22:00 h.: **THE EXPLODING BOYS** (The Cure Tribute). Entradas: desde 12€

domingo 24 ás 18:00 h.: **LOS PLUTONES**. Entradas: por determinar

**Bábhá Bar.** R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

[www.facebook.com/baba.bar.7](http://www.facebook.com/baba.bar.7)

venres 22 ás 22:00 h.: **JD VAZQUEZ & CARLOS CAMPOY**. Entradas 5€

sábado 23 ás 22.00 h.: **SUEÑOS CUMPLIDOS**. Entradas: 7€

mércores 27 ás 21.00 h.: **ARMADURA**. Entradas:6€

**Sala Garufa Club.** R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/SalaGarufaClub](http://www.facebook.com/SalaGarufaClub)

xoves 21 ás 22.30 h.: **ZAFRA**. Entrada: 7€

venres 22 ás 23.00 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**. Entrada: 10€

sábado 23 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**. Entrada: 9€

domingo 24 ás 20.00 h.: **NIKKI HILL**. Entrada: 18€/22€

**A Repichoca.** R/ Orillamar, 13 (15002 – A Coruña).

[www.facebook.com/arepichoca.orillamar](http://www.facebook.com/arepichoca.orillamar)

venres 22 ás 22.40 h.: **A MÁQUINA DE MALLAR**. Entradas: gratis

**Jazz Filloa.** R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

[www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club](http://www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club)

mércores 27, pases ás 22.00 e 23.00 h.:

**CONCERTO + JAM CSMUS**. Entrada: 5€

**Playa Club.** Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 22 ás 22.30 h.: **RUFUS T. FIREFLY**.

Entradas: desde 15€

sábado 23 ás 22.00 h.: **JOSELE SANTIAGO**.


Entradas: desde 15€

**Sala LeClub.** R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

[www.facebook.com/salaleclub](http://www.facebook.com/salaleclub)

venres 22 ás 22.00 h.: **STONED AT POMPEII + PÖLISONG**. Entradas: desde 12€





## BOLSAS

### **14.000 axudas da UIMP para cursos de inmersión en lingua inglesa, destinadas a estudantes universitarios, de FP de Grao Superior e outros estudos superiores**

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades convoca 14.000 axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa, destinadas a alumnos universitarios, de Ensinos Artísticos Superiores, Outros Estudos Superiores e FP de Grao Superior, organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

As persoas beneficiarias asistirán a un curso intensivo de inmersión lingüística en inglés, en réxime de internado, dunha semana de duración, a elixir entre o 1 de xullo e o 16 de decembro de 2019, nalgún dos seguintes emprazamentos: Santander, Madrid, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea de la Concepción, Barcelona, Pirineos (Huesca) e Cartagena.

**INSCRICIÓNS:** ata o 03/04/2019, mediante o formulario accesible a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no apartado correspondente a Trámites "e Servizos".

**REQUISITOS:**

- Mozos/as que cumprisen 18 anos a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e non cumprisen 30 anos a 31 de decembro de 2019.
- As persoas solicitantes teñen que obter a condición de bolseiro para cursar Ensinos Universitarios, Ensinos Artísticos Superiores, Outros estudos Superiores, Formación Profesional de Grao Superior ou segundo curso de Bacharelato nalgunha das seguintes convocatorias:
  - Curso 2016-2017, convocadas por Resolución de 11 de agosto de 2016, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, (BOE de 13 de agosto), para estudantes que cursen estudos postobligatorios.
  - Curso 2017-2018, convocadas por Resolución de 3 de agosto de 2017 da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE de 10 de agosto), para estudantes que cursen estudos postobligatorios.

**DOTACIÓN:**

Os/as beneficiarios/as da axuda poderán participar nun curso de axilidade oral en inglés cunha duración de 5 días e que se desenvolverá en réxime de internado de domingo a sábado.

A obtención da axuda comportará a cobertura de todos os gastos inherentes á participación no curso con excepción dos gastos de desprazamento á sede do curso, que serán por conta do participante.

**PREZO:** 100 €, en concepto de reserva de praza.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Universidade Internacional Menéndez Pelayo-UIMP**

C/ Isaac Peral, 23. 28040 Madrid

Tel: 915 920 600

E-mail: [cursos@uimp.es](mailto:cursos@uimp.es)

[www.uimp.es](http://www.uimp.es)

**WEB:** [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es)

**PUBLICACIÓN:** [BOE](http://BOE) 14/03/2019 (extracto)

**Base de Datos Nacional de Subvencions:**

[BDNS\(Identif.\):443462](http://BDNS(Identif.):443462)

**UIMP**  
Universidad Internacional  
Menéndez Pelayo

**BOLSAS****1.005 axudas da UIMP destinadas a titulados en Máster en Profesorado e a Mestres, para cursos de inmersión lingüística**

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades convoca 1.005 axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa, destinadas a titulados en Máster en Profesorado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinos de Idiomas e a Mestres, organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

As persoas beneficiarias asistirán a un curso intensivo de inmersión lingüística en inglés, en réxime de internado, entre o 1 de xullo e o 16 de decembro de 2019 nalgún dos seguintes emprazamentos: Santander, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla e Pirineos (Huesca).

**INSCRICIÓN:** ata o 03/04/2019, mediante o formulario accesible a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional

**REQUISITOS:**

- Persoas que finalizasen a diplomatura ou grao de Mestre en calquera das especialidades e nalgún dos seguintes cursos académicos: 2017- 2018, 2016-2017 ou 2015-2016, cunha nota media do expediente académico de, polo menos, 8,00 puntos.
- Persoas que finalizasen os estudos de Máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensinos de Idiomas, cunha nota media no máster de, polo menos, 8 puntos nalgún dos seguintes cursos académicos: 2017-2018, 2016-2017 ou 2015-2016.

**DOTACIÓN:**

Os/as beneficiarios/as da axuda poderán participar nun curso de inglés especializado cunha duración de 5 días en réxime de internado de domingo a sábado.

A obtención da axuda comportará a cobertura de todos os gastos inherentes á participación no curso con excepción dos gastos de desprazamento á sede do curso, que serán por conta do participante.

**PREZO:** 100 €, en concepto de reserva de praza

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Universidade Internacional Menéndez Pelayo-  
UIMP**

C/ Isaac Peral, 23. 28040 Madrid

Tel: 915 920 600

E-mail: [cursos@uimp.es](mailto:cursos@uimp.es)

[www.uimp.es](http://www.uimp.es)

**WEB:** [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es)


**PUBLICACIÓN:** [BOE 14/03/2019](#) (extracto)

**Base de Datos Nacional de Subvencións:**

[BDNS \(Identif.\):443451](#)

**UIMP**  
Universidad Internacional  
Menéndez Pelayo





## BOLSAS

### 7ª Convocatoria Bolsas Eurolingua

Eurolingua Venairlanda convoca 20 bolsas para a realización de cursos de inglés en Irlanda de 2 semanas de duración, durante o verán de 2019. nun programa de inmersión lingüística dirixido a estudantes universitarios, de secundaria, bacharelato ou FP

**INSCRICIÓN:** ata o 17/04/2019

**REQUISITOS:**

- Nacer con anterioridade ao 31 de decembro de 2004
- Ter nacionalidade de calquera país da UE.
- Estar matriculado neste ano escolar 2018-19 nalgún destes estudos: Bacharelato, ESO, Formación Profesional ou Titulación Universitaria regrada en calquera punto de España
- Nota media do expediente académico de polo menos 6 puntos

**DOTACIÓN:** a bolsa cobre os gastos do curso (20 clases de inglés semanais, aloxamento, programa de actividades culturais,...)

\*excepto o billete de avión ida e volta ao lugar de destino do curso que correrá a conta de cada participante

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**EuroLingua Venairlanda SL**

Avda Finisterre 194, (15010 A Coruña)

Tel.: 981 257 290 - 693 850 377 -  
902 881 831

correo-e: [info@becaseurolingua.com](mailto:info@becaseurolingua.com)

[www.facebook.com/Venairlanda](http://www.facebook.com/Venairlanda)

**Web:** [www.becaseurolingua.com](http://www.becaseurolingua.com)



## CONCURSOS

### Contos sobre rodas

ALSA convoca a 19ª edición do concurso de relatos breves "Contos sobre rodas" co fin de fomentar a creación literaria no ámbito das viaxes e o transporte en autocar, así como promover o hábito da lectura entre as persoas viaxeiras

**INSCRICIÓNS:** ata o 20/05/2019

**REQUISITOS:**

- Poden participar persoas o desexen, cunha ou máis obras escritas en castelán.
- As obras deberán ser orixinais e inéditas, e ter algunha relación co mundo das viaxes e o transporte en autocar.
- A extensión non poderá ser superior a 10 folios ou DIN A4 mecanografados por unha soa cara cunha extensión máxima de 3.000 palabras.
- Cada copia irá asinada co nome, apelidos, enderezo e teléfono das persoas autoras, ou ben co seu pseudónimo, nese caso será indispensable que vaia acompañada dunha plica cerrada que conteña a identidade da/o concursante.
- A/o concursante deberá achegar unha declaración na que garanta a autoría da obra e que os seus dereitos non están comprometidos de ningún xeito, nin pendentes de veredicto en ningún outro concurso literario.

**PREMIO:** 6.000 €

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**"Contos sobre rodas" ALSA**

R/ Alcalá, 478 (28027 - Madrid)

Correo-e: [cuentosobruedas@alsa.es](mailto:cuentosobruedas@alsa.es)

Web: [www.alsa.es](http://www.alsa.es)



### Certame escolar de podcast e relato radiofónico Xosé Mosquera Pérez

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e o IES Rosalía de Castro, en colaboración con Arraianos Multimedia, convocan o I Certame Escolar de Podcast e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos.

**INSCRICIÓNS:** ata o 17/05/2019

**REQUISITOS:**

- Alumnado de 6º de educación primaria e de educación secundaria de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de galego de réxime xeral cursados fóra da Comunidade Autónoma textos inéditos relacionados co persoeiro ao que se lle dedica en 2019 o Día das Letras Galegas.
- alumnado deberá concorrer ao premio con traballos compostos por un conto inédito e un podcast baseado nel. Os contos -inéditos e en lingua galega- estarán relacionados con Antonio Fraguas, persoeiro a quen se lle dedicará o vindeiro Día das Letras Galegas.
- Os traballos serán enviados por correo-e a [certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org](mailto:certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org)

**PREMIO:** 1.000 € para o mellor traballo de cada edición, a montaxe e edición dun podcast e a emisión radiofónica do gañador e dos dous finalistas.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Rúa San Roque, 2

15781 Santiago de Compostela

Tel.: 881 996 324

Correo-e: [sxpl.planificacion@xunta.gal](mailto:sxpl.planificacion@xunta.gal)

Web: [Bases completas](#)



## CONCURSOS

### Concurso de vídeo "Participa Méliès"

A Fundación bancaria "La Caixa" presenta a 7ª edición do concurso de vídeo "Participa Méliès". Un concurso que rende homenaxe a Georges Méliès, o inventor dos efectos especiais.

**INSCRICIÓN:** ata o 15/05/2019 ás 16:00 h

**REQUISITOS:**

- Profesionais como a persoas afeccionadas ao cinema, maiores de 10 anos, interesadas en realizar un vídeo cos seus propios recursos, seguindo as regras do concurso
- A curtametraxe ten que ser inédita, durar 3 minutos como máximo (sen contar os créditos), ser muda (sen diálogos, aínda que se acepta usar son directo, música e efectos de son de postproducción), e utilizar polo menos unha das seguintes trucaxes de Méliès: truco de substitución, truco de sobreimpresión ou xogos de escala.
- Unha vez subido a curta á túa canle de reprodución, obterás a ligazón do vídeo. Esta ligazón é a que tes que cortar e pegar na sección "[Participa - Grava o teu vídeo](#)". Cando pegues a URL do vídeo tes que cubrir o formulario de participación cos teus datos, e escribir unha breve descrición da túa curta. Asegúrate de inscribir o teu vídeo na categoría correcta. Cando reciban o teu vídeo, validarano e, se cumpre con todos os requisitos, publicarano na web do concurso e notificarancho, para que poidas compartírllo á maioría de xente posible a través das redes sociais.
- Para completar información véxase [bases completas](#)

**PREMIOS:**

- Categoría Escolar:

1. Mellor Vídeo Primaria: Pack de cinema (kit croma FOTIMA Soporte fondos FTSF-10 portátil + fondo Cromakey, kit de focos fluorescentes FOTIMA 2X85 FTF-85, trípode Manfrotto Compact Advanced 3 way, e cámara CANON LEGRIA HF R86) e un curso de cinema que se impartirá no centro escolar para alumnos e/ou profesores.
2. Mellor Vídeo ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio: Pack de cinema (kit croma FOTIMA Soporte fondos FTSF-10 portátil + fondo Cromakey, kit de focos fluorescentes FOTIMA 2X85 FTF-85, trípode Manfrotto Compact Advanced 3 way, e cámara CANON LEGRIA HF R86) O 5 premio tamén inclúe un curso de cinema que se impartirá no centro escolar e ao que poderán acudir alumnos e/ou profesores.
3. Premio "Imaxinación ao poder": cámara 360 Ricoh Theta V 4k + Lentes ZEISS VR ONE PLUS + 2 meses de subscrición gratis a Filmin.
4. Premio do Público: cámara 360 Ricoh Theta V 4k + Lentes ZEISS VR ONE PLUS + 2 meses de subscrición gratis a Filmin.

- Categoría Xeral:

1. Mellor Vídeo: Cámara Black Magic URSA mini 4K + 2 meses de subscrición gratis a Filmin.
2. Premio "Imaxinación ao poder": cámara 3660 Ricoh Theta V 4k + Lentes ZEISS VR ONE PLUS + 2 meses de subscrición gratis a Filmin.
3. Premio do Público: cámara 3660 Ricoh Theta V 4k + Lentes ZEISS VR ONE PLUS + 2 meses de subscrición gratis a Filmin.
4. Premio Junior: GoPro HERO7 Black + TRÍPODE 3-Way™.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Fundación "La Caixa"**

correo-e: [hola@participamelies.com](mailto:hola@participamelies.com)

Web: <https://www.participamelies.com/>





## VARIOS

### Matrícula libre para as probas de certificación da EOI

A matrícula en modalidade libre está dirixida ao alumnado que só quere presentarse ás probas para certificar a súa competencia nas linguas que ofrece a Escola Oficial de Idiomas da Coruña

No curso 2018-2019, o alumnado libre poderase matricular das seguintes **probos de certificación**:

IDIOMAS	NIVELES
• Alemán	• A2, B1, B2, C1
• Árabe	• A2, B1, B2
• Chinés	• A2, B1
• Español	• A2, B1, B2
• Francés	• A2, B1, B2, C1
• Galego	• A2, B1, B2, C1
• Inglés	• A2, B1, B2, C1
• Italiano	• A2, B1, B2
• Portugués	• A2, B1, B2, C1
• Ruso	• A2, B1
• Xaponés	• A2

**CANDO:** as probas celebraranse no mes de xuño de 2019

*\*consultar no [enlace](#) calendario completo por idiomas e niveis*

**INSCRIPCIÓNS:** do 13 de marzo ao 2 de abril ata as 12:00 h. na aplicación

[www.informaticacentros.com/xunta](http://www.informaticacentros.com/xunta)

o resgardo da inscrición deberá presentarse, xunto coa documentación requirida e dentro do prazo establecido, na secretaria da EOI ou enviarse escaneada por correo-e a [matricula@eoicoruna.org](mailto:matricula@eoicoruna.org)

#### REQUISITOS:

- Ter 16 anos cumpridos no ano natural de celebración das probas, ou 14 anos se opta a un idioma diferente da primeira lingua estranxeira na ESO
- Non será posible obter o certificado dun nivel equivalente a outro xa cursado no anterior plan de estudos de EOI
- Non será necesario superar o exame de certificación dun nivel inferior para poder presentarse a un superior
- Non estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente
- alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2018-2019 deberá indicalo e achegar certificación académica da escola que procede
- Non hai límite de convocatorias en modalidade libre
- A modalidade libre só permite un único exame en xuño

#### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Escola Oficial de Idiomas da Coruña**

R/ Educación, 1 (15011 - A Coruña)

Tel.: 981 279 100 / 981 145 094

correo-e: [eoicorunha@edu.xunta.es](mailto:eoicorunha@edu.xunta.es)

Web: [www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna](http://www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna)





### Grupos de rock para o Festival Solidario de ASPACE

ASPACE, a Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade, celebra o 24 de maio en Sada o XI Festival de Rock Solidario e busca grupos e músicos que queiran colaborar de maneira altruísta neste evento.

O obxectivo deste festival é poder unir a integración e a solidariedade, ademais de servir de apoio ás bandas locais

Este ano ASPACE Coruña conta de novo coa colaboración do Concello de Sada e o festival celebrarase baixo unha carpa no centro da localidade e estará aberto ao público con entrada gratuíta.

**CANDO:** 24 de maio de 2019

**INSCRICIÓNS:** ata o 14 de abril de 2019, por teléfono no 981 61 03 12 ou 626 269 823 (de luns a venres de 10.00 a 17.30 h) ou por correo-e a [comunicacion.aspacecoruna@gmail.com](mailto:comunicacion.aspacecoruna@gmail.com)

**MÁIS INFORMAICÓN:**

**ASPACE Coruña**

Casteliño, 24 (15160 - Sada)

Telf. 981 610 312

correo-e: [aspacecoruna@spacecoruna.org](mailto:aspacecoruna@spacecoruna.org)

Web: [www.aspacecoruna.org](http://www.aspacecoruna.org)

